



# Igrexa, lugar da compaixón de Deus para o que cre

Mons. Santiago Agrelo Martínez OFM  
Arcebispo de Tánxer

[www.enerucillada.es](http://www.enerucillada.es)

A XIV Asemblea Xeral Ordinaria do Sínodo dos Bispos propónse “repensar o que a revelación, transmitida na fe da Igrexa, nos di sobre a familia”<sup>1</sup>. Dentro dese argumento xeral, hai unha cuestión particularmente sensible polas súas implicacións morais, pastorais, sociais e, segundo se di, tamén dogmáticas. O Sínodo extraordinario sobre a familia deixouna exposta con estas palabras:

Reflexionouse sobre a posibilidade de que *os divorciados que volveron casar accedesen aos sacramentos da Penitencia e da Eucaristía*. (...) Aínda é necesario afondar na cuestión, tendo ben presente a distinción entre situación obxectiva de pecado e circunstancias atenuantes, dado que «a imputabilidade e a responsabilidade dunha acción poden quedar diminuídas e mesmo suprimidas» por mor de diversos «factores psíquicos ou sociais» (*Catecismo da Igrexa católica*, 1735)<sup>2</sup>.

E desa cuestión quero tratar aquí: o acceso aos sacramentos das persoas divorciadas que volveron casar. Porque son irmáns e irmás que xacen feridos nas marxes do camiño da Igrexa. Quero repensar, non tanto o que a revelación di sobre a familia necesitada de misericordia, canto o que di sobre a Igrexa como sacramento de misericordia.

Tentarei achegarme ao misterio da Igrexa que Deus quixo sacramento da súa compaixón, e aventurarme nese lugar sacro onde o evanxeo da salvación quixo habitar, pois, se a cuestión sensible se refire “á

posibilidade de que as persoas divorciadas que volveron casar accedan aos sacramentos da Penitencia e a Eucaristía”, a cuestión realmente crucial refírese ás condicións que a Igrexa pon para que esas mesmas persoas accedan á divina misericordia, da que ela é sacramento.

## 1.- Unha tarefa previa.

Para entrar en materia, será oportuno, talvez necesario, que rochemos previamente os camiños polos que ha transitar a reflexión.

Se noutro tempo a verdade se presentaba como definición do que é –definición dunha realidade estática–, hoxe recoñécese como proceso nunca acabado de aproximación ao coñecemento dunha realidade en continua transformación. A verdade que cremos e profesamos –a verdade pola que nos aventuramos no misterio de Deus–, xamais se deixa posuír: só se pode buscar, amar, celebrar, estudar, contemplar, gustar... anunciar. Os Pais do Concilio Vaticano II, aínda que non abordaron directamente o tema da relación entre Igrexa e verdade, deixáronnos referencias a el en diversos documentos, e esas referencias poñen de manifesto que xa daquela se facía forte nas conciencias a percepción de que a verdade, lonxe de ser obxecto de posesión, permanece misterio que se sonda. Misterio é o designio de Deus, aínda que a Revelación nos permita asomarnos a el; misterio é a Palabra de Deus que ha de ser escoitada e proclamada,

<sup>1</sup>Cf. *Relatio Synodi*, n. 4. Documento final da III Asemblea Xeral Extraordinaria do Sínodo dos Bispos, convocada para tratar sobre *Os desafíos pastorais da familia no contexto da evanxelización*.

<sup>2</sup>*Lineamenta*, nº 52. A *Relatio Synodi* da Asemblea Xeral Extraordinaria, é o documento que serve como *Lineamenta* da próxima Asemblea Xeral Ordinaria. O subliñado é meu.



misterio é a historia da salvación, a encarnación do Fillo de Deus, e tamén é misterio o corpo de Cristo, que é a Igrexa.

Esa sinxela constatación permite liberar á doutrina do Maxisterio eclesial, non só dunha suposta prerrogativa de abranguer a verdade, senón tamén, e sobre todo, dunha abusiva pretensión de coaccionar as consciencias no nome da verdade. Froito do reencontro entre doutrina auténtica e misterio da verdade, foron no Concilio Vaticano II a Declaración *Dignitatis humanae* sobre a liberdade relixiosa, e a Declaración *Nostra Aetate* sobre as relacións da Igrexa coas relixións non cristiás. A Igrexa recoñécese servidora, non dona da verdade; e tarefas propias do seu servizo son: buscala humildemente, amala apaixonadamente, vivila gozosamente e propoñer confiadamente o que dela se nos vaia manifestando.

A verdade buscada, amada, vivida e anunciada, xamais será un obstáculo no camiño da Igrexa cara ás persoas. Ninguén en nome dos dereitos da verdade ha quedar fóra do amor coidadoso da Igrexa. Ninguén! Tampouco quen nas súas vidas sufrisen as consecuencias dramáticas da ruptura dos vínculos afectivos na relación matrimonial.

A Revelación, que ten a súa fonte na bondade e sabedoría de Deus (DV 2), é desvelo progresivo do seu proxecto salvador, é camiño polo que Deus vén ao encontro das persoas, é doazón que Deus quixo facer de si mesmo: “Tanto amou Deus ao mundo, que entregou ao seu Unixénito, para que todo o que cre nel non pereza, senón que teña vida eterna” (Xn 3, 16). A Revelación non é evidencia que se impón senón confianza que se aprende, non é certeza dun saber senón certeza dun amor, non é información senón encontro, non é ilustración senón abrazo. A verdade última da revelación é

un misterio de amor, é o evanxeo da salvación.

Dentro desta certeza, a opción polo derrotado non é capricho de díscolos, senón obediencia de unxidos polo Espírito de Deus. Ese Espírito puxo nos camiños dos pobres a Cristo Xesús e ao corpo de Cristo que é a Igrexa. Así vira o profeta ao Servo do Señor: proclamando aos cativos a liberdade e aos cegos a vista, poñendo en liberdade aos oprimidos e proclamando para os pecadores un xubileu que nunca terá fin (Lc 4, 16-21). A palabra da verdade non serve para adoutrinar senón para liberar. A palabra da verdade non se ocupa de ideas que poidamos ter sobre Deus, senón da salvación que Deus ofrece a quen a necesita.

## 2.- Un evanxeo para os pobres

As persoas bautizadas que, fracasado o seu matrimonio, emprenderon unha nova relación afectiva estable, unha ideoloxía relixiosa –que non unha pastoral cristiá– excluínas da comunión eucarística, que é unha maneira de deixalas fóra da comunión con Cristo e cos fieis na Igrexa<sup>3</sup>.

Desde a ideoloxía, suplantando o mandamento de Deus por preceptos de homes (Mc 7, 7-9), pretendemos xustificar esa exclusión atroz, e impuxémola a innumerables irmás nosas, como única opción coherente coa natureza do matrimonio que contraeron e coa fe que non deixaron de profesar.

Pola paz deses irmáns e pola salvación de quen os aparca nunha situación de pecado permanente confinándoos nunha soidade sen Deus, por achegar a eles e a nós o evanxeo da salvación, necesitamos preguntarnos acerca da compaixón de Deus, de modo que poidamos discernir a quen alcanza e quen quedan fóra dela.

<sup>3</sup> Se se os aparta de recibir o Corpo eucarístico de Cristo, tamén se os aparta da comunidade que recibe, aínda que poidan estar presentes nela coma se estivesen en comunión.



### 2.1.- A compaixón de Deus

Non deixa de ser sorprendente –para moitos pequenos na fe é motivo de escándalo– que, a dous mil anos da encarnación da Palabra, na Igrexa pareza gozar de máis predicamento o legalismo farisaico que o evanxeo da graza. O fariseísmo finxe xustiza, presume de fidelidade; pero en realidade anula a confianza en Deus, despreza a compaixón e anula a graza. Porque estamos chamados a ser imitadores de Deus, necesitamos entrar no misterio do seu amor misericordioso. É María de Nazaret, humilde entre os pequenos, fiel entre os fieis, a que ve derramada de xeración en xeración sobre todos a misericordia do Señor. No *Magnificat* vai debullando os nomes dos compadecidos: os humildes, os famentos, o Israel de Deus. E tamén os nomes dos que a si mesmos se exclúen da compaixón: os soberbios de corazón, os poderosos, os ricos (Lc 1, 50-53). Fóra da misericordia quedan os que a desprezan porque, desde a súa autosuficiencia, non saben que a necesitan.

E ata os cegos ven que entre os divorciados poden ser moitos os que nada botan en falta, os que nada piden porque nada queren; pero tamén son moitos os que van pedindo a berros a misericordia de Deus, unha misericordia que Deus non lles nega e nós si, coma se para eles a única posibilidade de salvación estivese en ser acredores de Deus e non fose suficiente ver que regresan famentos á casa do pan.

### 2.2.- Xesús: o lugar da compaixón de Deus.

Así como o evanxelista viu en Xesús “o lugar da salvación de Deus”<sup>4</sup>, nós podemos ver nel “o lugar da compaixón de Deus”. Xesús foi enviado con autoridade e os seus interlocutores non son os letrados, os escribas, os expertos que disertan sobre a Lei de Deus e o Deus da lei, nin sequera os xustos. Os interlocutores de Xesús, os que experimentan a forza da súa autoridade, son publicanos e pecadores, enfermos e famentos, xente necesitada de misericordia, pobres aos que Deus envía a salvación (Mt 9, 12-13). O anuncio do evanxeo aos pobres é a garantía de que chegou o que tiña que vir: “Ide anunciar a Xoán o que estades a ver e oír: os cegos ven e os coxos andan, os leprosos quedan limpos e os xordos oen, os mortos resucitan e os pobres son evanxelizados” (Mt 11, 4-5). E esa autoridade é a que Xesús dá aos seus discípulos, que son enviados a expulsar espíritos inmundos e curar toda enfermidade e toda doenza (Mt 10, 1): “Ide e proclamade que chegou o reino dos ceos. Curade enfermos, resucitade mortos, limpade leprosos, arroxade demos. Gratis recibistes, dade gratis” (Mt 10, 7-8).

O poder, se non é movido pola compaixón, vólvese instrumento de opresión. Aos pobres, Xesús achegouse desde a misericordia, un modo de ir que os evanxelistas expresaron co uso do verbo “compadecerse”<sup>5</sup>. Compadecerse é verbo de acción divina. A compaixón é a forma do amor de Deus ao home.

O mesmo Xesús, en dúas parábolas e unha narración exemplar, deixounos tres iconas da compaixón de Deus: O rei que quixo axustar as contas cos seus criados (Mt 18, 21-35), o pai do fillo pródigo (Lc 15, 11-32), e o samaritano

<sup>4</sup> As traducións do cántico de Simeón (Lc 2, 30), adoitan escoller entre Salvador e Salvación para traducir o termo *sôtêrion* que usa o evanxelista. Pero a terminación *-êrion* dá á raíz un significado locativo que sen esa terminación non tería: o presbiterio é o lugar onde están os presbíteros; o cemiterio é o lugar onde están os que dormen. No texto de Lucas, o *sôtêrion* é un neno, que é o lugar onde está a salvación de Deus. A Vulgata traduciu con precisión: “*salutare tuum*”.

<sup>5</sup> En grego: *splagchnizomai*, que comparte raíz co substantivo *splagchnon*, que, en plural, significa “as entrañas”, “o corazón”, “o anhelos entrañable”, “a misericordia”.



(Lc 10, 30-37). As parábolas describen como actúa Deus cos homes. O samaritano é presentado como alguén que no seu actuar imita a misericordia de Deus e cumpre así o que Deus quere<sup>6</sup>.

Quedan fóra os demos, que son expulsados; pero entran na compaixón os endemoñados, que son liberados (Mt 8, 28-32; 9, 32-33). Quedan fóra os escribas, moi ocupados en pensar que Xesús blasfema; pero entran na compaixón os pecadores, a quen se perdoa os pecados sen máis recomendación que a da fe (Mt 9, 2-8). Quedan fóra os fariseos, escandalizados polo que Xesús fai, e entran publicanos e pecadores que sentan á mesa con el (Mt 9, 9-13; 9, 34.). Quedan fóra sabios e entendidos, e entran no lugar da compaixón os pequenos, os cansos, os angustiados (Mt 11, 25-30). Intúese que quedan fóra homes e mulleres cando xulgan con frivolidade os signos dos tempos, a palabra dos profetas, a vida dos mensaxeiros de Deus (Mt 11, 16-19), os que desprezan os signos do amor de Deus (Mt 11, 20-24).

Igrexa, corpo de Cristo, ti non es unha ideoloxía sobre a compaixón, senón que es, como Xesús, o lugar onde a compaixón de Deus se fai presente aos pobres. Ti non podes negar a compaixón a quen a pide: Se alguén a necesita, ti estás aí, vinda de Deus, non para debater o prezo da misericordia senón para dala gratis e a mancheas.

### 3.- Repensar a familia desde os pobres

A Igrexa foi unxida polo Espírito para os pobres; a Igrexa sabe que está chamada a ser un evanxeo para os pobres: eles son a súa vocación e o seu destino. Entre eses pobres atópanse hoxe homes e mulleres de boa fe que, por motivos

diversos, viron esfiañarse os afectos que os unían e romper o máis apreciado das súas vidas: a súa familia.

A Igrexa sente apremio a acompañar, en nome de Xesús, o camiño da familia que sofre. Signos desa urxencia son as dúas Asembleas Sinodais convocadas polo Papa Francisco: A III Xeral Extraordinaria, celebrada en outubro de 2014; e a XIV Xeral Ordinaria, convocada para o mes de outubro de 2015. A Asemblea Extraordinaria reflexionou sobre *Os desafíos pastorais da familia no contexto da evanxelización*; e a Ordinaria terá como tema *A vocación e a misión da familia na Igrexa e no mundo contemporáneo*.

Os ollos de todos vólvense á familia para admirar o seu misterio á luz da fe, para falar da vocación á que é chamada, da misión que se lle confía, da evanxelización que nela se cumpre. Intúese que o evanxeo no que afondan as súas raíces e a fidelidade con que tantas familias responden á súa vocación e misión, han iluminar tamén o corazón da familia ferida, da familia rota, de modo que tamén ela, evanxelizada, rebordada pola graza, a misericordia, a alegría e a paz, poida anunciar a todos o que coñeceu de Deus. Haberemos de aprender a ir á familia como ían os pobres ao Mesías Xesús; fáisenos urxente repensar a relación da comunidade eclesial, a súa acción pastoral, coa familia desestruturada e aflixida.

#### 3.1.- Falamos de pobres.

Que estamos a falar de pobres cando falamos de divorciados puidese parecer obvio, pero non o é. Cando dicimos pobre, non o dicimos só do indixente; dicímolos tamén e sobre todo do perseguido, do desgraciado, do aflixido, do ferido, do oprimido, do excluído...

<sup>6</sup> Cf. N. Walter, *Splagchnizomai*. En *Diccionario Exegético del Nuevo Testamento*. Eds. Horst Balz, Gerhard Schneider. Vol. II. Edicións Sigueme (Salamanca 1998), col. 1469-1470.



Haberá sen dúbida persoas divorciadas que non vexan pobreza algunha na súa situación. Poida que haxa incluso quen vexa no divorcio algo desexable, un normal exercicio de liberdade individual nas relacións afectivas. Esas persoas nada pedirán á Igrexa e nada a Igrexa poderá ofrecerlles se non é o seu testemuño de que o amor verdadeiro é indisoluble<sup>7</sup>, se non é a chamada a percorrer o camiño que vai da autosuficiencia á conciencia da propia pobreza, se non é a oración perseverante e unánime para que nos convertamos e vivamos.

Pero á beira das persoas divorciadas que nada piden á comunidade de fe, a experiencia di que hai homes e mulleres divorciados e pobres, que viven feridos, que camiñan polas cañadas escuras dunha excomunión efectiva, que senten botada sobre os seus ombreiros unha insoportable carga moral, que xa renunciaron mesmo a chorar porque viron pechados para eles os camiños que levan á paz.

### 3.2.- *Falamos dunha pobreza que é común a todos.*

A divina revelación dá testemuño do amor incondicional de Deus ao seu pobo. Na Antiga Alianza, ese amor manifestouse con palabras de promesa:

Quen te desposa é o teu fecedor; o seu nome é Señor todopoderoso. O teu liberador é o Santo de Israel... Como a muller abandonada e abatida chámate o Señor; como a esposa de mocidade, repudiada –di o teu Deus–. Por un instante abandoneite, pero con gran agarimo reunireite. Nun arrebatado de ira, por un instante escondinche o meu rostro, pero con amor eterno quérote –di o Señor, o teu liberador. Aínda que os montes cambiasen e vacilasen os outeiros, non cambiaría o meu amor nin vacilaría a miña alianza de paz” (Is 54, 5-8, 10).

Na Nova Alianza ese amor manifestouse

plenamente na Palabra encarnada de Deus, e con ela puxo a súa tenda entre nós: “Tanto amou Deus ao mundo, que entregou ao seu Unixénito, para que todo o que cre nel non pereza, senón que teña vida eterna” (Xn 3, 16). Desbordado pola grandeza dese misterio, o Apóstolo escribiu: “Ningunha criatura poderá separarnos do amor de Deus manifestado en Cristo Xesús, o noso Señor” (Rm 8, 32-35, 39). O amor de Deus ao seu pobo é o paradigma do amor con que os discípulos de Xesús habemos amarnos uns a outros.

A relación que hai entre o amor de Deus e o noso, Xesús explicitouna cando dixo: “Douvos un mandamento novo: que vos amedes uns a outros; como eu vos ameí, amádevos tamén uns a outros” (Xn 13, 34). E Xoán díxoo coa sabedoría de quen soña un camiño cheo de luz: “Quen ama ao seu irmán, permanece na luz e non tropeza” (1 Xn 2, 10). Para nós, o amor revelado na encarnación do Unixénito de Deus é a nosa verdade, é a nosa riqueza, e é, ao mesmo tempo, a luz que deixa ao descuberto a nosa pobreza radical, non só porque ningún pode amar como é amado, senón tamén porque no camiño que percorremos cara á perfección dese amor, moitas veces esquecemos o que cremos, negamos o que confesamos, entregamos aos ídolos o que é propiedade exclusiva e preciosa do Señor. As nosas idolatrías son unha traizón á fidelidade con que Deus nos ama.

### 3.3.- *Falamos dunha pobreza que é propia dos esposos*

O amor incondicional de Deus ao seu pobo é tamén o paradigma do amor con que han amarse os esposos cristiáns. O Apóstolo expresouno así:

Maridos, amade ás vosas mulleres como Cristo amou á súa Igrexa... Amar á súa muller é amarse a si mesmo. Pois ningún xamais odiou a súa propia

<sup>7</sup> Cf. J. P. Vesco, *Tout amour véritable est indissoluble* (París 2015).





carne, senón que lle dá alimento e calor, como Cristo fai coa Igrexa, porque somos membros do seu corpo (...) Por iso deixará o home ao seu pai e á súa nai, e unirase á súa muller, e serán os dous unha soa carne. É este un gran misterio: e eu refiroo a Cristo e á Igrexa (Ef 5, 25, 28-32).

O amor imitado é o de Cristo á súa Igrexa. O amor que o imita, está chamado a reflectir na vida matrimonial esa fidelidade. Así pois, quen se achegue á realidade do matrimonio cristián non poderá ignorar que o amor de Cristo á súa Igrexa, amor perpetuo, último, definitivo, é o modelo que determina a forma do amor entre os esposos. Pero ese amor, horizonte da súa vida, é ao mesmo tempo a luz que deixa ao descuberto a súa pobreza radical, non só porque ningún deles poderá amar como Cristo ama á Igrexa, senón tamén porque no camiño que percorren, todos eles poden fracasar na realización do seu proxecto de amor.

#### 4.- Un evanxeo para a familia ferida

Desas persoas crentes e fracasadas, crentes e feridas, é de quen falo aquí, e é a elas a quen hei chegar co evanxeo que para os pobres nos deu o Espírito do Señor. É fácil comprobar que esas persoas non encaixan en ningunha das actitudes que exclúen da compaixón de Deus, sinxelamente porque se trata de pobres que cren nela, necesítana, búscana, pídena.... E, con todo, na práctica pastoral, négaselles a compaixón coma se non fose posible acollelos nela, ou se tratase dunha compaixón condicionada por algo máis que a humildade da fe ou a conversión do corazón.

##### 4.1.- *O evanxeo da salvación é graza – regálase–*

Será oportuno subliñar que a conversión –condición necesaria para acceder ao reino de Deus–, non parece que en beizos de Xesús signifique unha chamada para cumprir con máis fidelidade as prescricións legais, ou a ser máis piadosos no servizo do culto, ou a recuperar a

necesaria pureza para escoitar a da palabra de Deus e para o servizo do templo. Todo indica que, ao dicir «convertédevos», Xesús pretende que se volva á propia vida, non cara a unha práctica moral máis coherente, senón cara ao reino de Deus que chega, ou se se prefire, cara ao mesmo Xesús en quen o Reino se fai presente como evanxeo da salvación.

O evanxeo, a boa noticia para os pobres, é pura graza, puro don. Pura graza é o seguimento de Xesús. Nas narracións de vocación nada se di da piedade das persoas chamadas, das súas virtudes, dos seus méritos; só se ve a súa dispoñibilidade para o reino que chega e que se manifesta no feito de que Xesús os chama, e elas ségueno (Mt 4, 18-22). Nesa conversión a Xesús hai a decisión de aventurarse no misterio dunha novidade que está a chamar á porta.

Pura graza é a ensinanza de Xesús, acción que realiza “proclamando o evanxeo do reino e curando toda enfermidade e toda doenza no pobo” (Mt 4, 23). As curacións son unha constante na súa actividade evanxelizadora, tanto que “a súa fama estendeuse por toda Siria e traíanlle todos os enfermos afectados de toda clase de enfermidades e dores, endemoñados, lunáticos e paralíticos. E el curounos” (Mt 4, 23-24). Non se di que aquelas xentes fosen boas, malas ou regulares; no relato só ven multitudes empuxadas pola necesidade e voltas cara a Xesús, convertidas a el, atraídas pola súa fama: “E el curounos!”

Nada di o relato evanxélico acerca da situación moral daquel leproso, ao que Xesús tocou e curou, facéndose impuro a si mesmo (Mt 8, 2-4; Mc 1, 40-45; Lc 5, 12-16); nada se di tampouco da moralidade do centurión pagán que se achegou a Xesús para rogarlle polo seu criado enfermo (Mt 8, 5-13; Lc 7, 1-10; Jn 4, 46-53).

A única condición de acceso ao lugar da compaixón que é Xesús é volverse a el, ir a el,



converterse a el: a única condición da compaixón é pedila. Non se esixe volver a ningunha situación humana anterior, senón que se entra nunha situación nova, nun futuro que é de Deus porque só Deus o fai posible: “El tomou as nosas doenzas e cargou coas nosas enfermidades” (Mt 8, 17. Cf. Is 53, 4). A entrada na compaixón non coñece máis condición que a conversión á compaixón.

#### 4.2.- *A graza ponnos en camiño, non nos deixa na meta.*

Na Igrexa asumimos con naturalidade que todos somos pecadores, que todos estamos en camiño cara á meta da plena transformación en Cristo Xesús, que todos necesitamos da misericordia de Deus.

Con todo, cando se trata de cristiáns que deciden vivir a súa fe coa graza do matrimonio, a eles non se lles considera en camiño como os demais, senón que se lles trata coma se xa alcanzasen a meta. Neles finximos non ver as circunstancias obxectivas –coñecemento e vontade, desexo e liberdade do home– que condicionan o seu proxecto existencial, a súa peregrinación cara a Deus, a súa vivencia da fe. Eles, que na celebración do seu matrimonio declaran con fórmula solemne ante a Igrexa “Eu quérote a ti e entrégome a ti, e prometo serche fiel nas alegrías e nas penas, na saúde e na enfermidade, todos os días da miña vida”<sup>8</sup>, declararon en realidade, sen dicilo e sen sabelo “Eu quérote a ti na escravitude e na violencia, eu entrégome a ti na desigualdade e no terror, e prometo serche fiel no abandono e na burla”. O que eles expresaron no consentimento é fermoso; pero o que alí queda sobreentendido e se lles impón resulta inaceptable para a conciencia humana.

A graza do evanxeo, a conversión ao Mesías Xesús, ponnos en camiño cara á meta da

plena comunión con el, non nos sitúa nela. Nese camiño é posible o desalento, a dúbida, o fracaso, o pecado... e é posible para todos, tamén para quen celebrou a súa unión sacra ante o pobo de Deus. Pero a eles, esa posibilidade de fracaso non se lles recoñece, co cal, o consentimento matrimonial transfórmase nun lazo mortal, indigno de seres humanos e do evanxeo.

Claro está que ese abandono á soidade dun fracaso non se fai por crueldade, aínda que resulte sempre cruel, faise por razóns que se supoñen teolóxicas e mesmo de fe, co cal, ao castigo do fracaso, xa de seu terrible, engádeselle a calidade de castigo inevitable, porque se supón que é Deus quen o impón e quen esixe a súa execución.

#### 4.3.- *“Levanta e ponte no medio”*

Se queremos arrincar da súa soidade a eses homes e mulleres de vidas paralizadas polo trauma de ver o seu proxecto de familia fracasado, habemos de entender que Xesús está a poñelos hoxe no medio da comunidade eclesial, e teremos que deixarnos interpelar pola súa palabra; que se nos permite facer con eles?, facer o bo ou o malo?, salvarlles a vida ou deixalos morrer? (Mc 3, 1-6).

Débenos alarmar e moito a posibilidade de que, nesta como en tantas outras cuestións, esteamos a pechar o noso corazón á graza do evanxeo, rexeitando a Xesús en nome da lei. Porque as persoas divorciadas están a tomarnos a dianteira no reino dos ceos, pois claman a Deus desde a necesidade, mentres nós, desde a cegueira da nosa autosuficiencia, nin sequera pedimos. En verdade é para temer, e non polos pobres, senón por quen os acusa.

<sup>8</sup> Ritual do Matrimonio: Consentimento. 1ª fórmula.



#### 4.4.- *Un rigor escandaloso*

É este un novo motivo de alarma para quen aplicamos ás persoas divorciadas un rigor que o evanxeo non xustifica, mentres nos dispensamos de normas que o evanxeo esixe a todos. Pregúntome con que autoridade excluimos ás persoas divorciadas, con que discernimento as excluimos dos pobres, dos que choran, dos que teñen fame e sede de xustiza,... con que luz nos atrevemos a apartalas das benaventuradas (Mt 5, 3-12).

Pregúntome se o Señor, o noso Deus, aprobará as razóns coas que eu aparto da comunión aos seus fillos, ou escoitará as queixas deles contra min, que os aparteí da comunión. Pregúntome se podo presentar a miña ofrenda sobre o altar, sabendo e lembrando que o meu irmán divorciado ten queixas contra min. Pregúntome se o meu pecado non é maior que o que poida cometer o meu irmán (Mt 5, 21-26).

Pregúntome se a lucidez con que aparto da comunión ao meu irmán divorciado, a téño para divorciarme eu de riquezas e preocupacións (Mt 6, 19-21). Pregúntome se as miñas intransixencias doutrinarias non son un veo tras o que se disimula a miña idolatría do diñeiro en detrimento do servizo que debo ao único Deus (Mt 6, 24), as miñas faltas na procura do reino de Deus e da súa xustiza. Pregúntome con que autoridade me permito transgredir o mandato do Señor: “Non xulguedes, para que non sexades xulgados. Porque seredes xulgados como xulgades vós, e a medida que usedes, usarana convosco” (Mt 7, 1). Pregúntome, en definitiva, se non estarei a me excluír a min mesmo da comunión cando, con xuízo temerario, exclúo dela ao meu irmán, á miña irmá divorciados.

#### 4.5.- *Escoitar e poñer en práctica as palabras de Xesús*

El díxoo así: “O que escoita estas palabras miñas e as pon en práctica, parécese a

aquel home prudente que edificou a súa casa sobre rocha” (Mt 7, 24).

Escoitar a palabra do Señor e poñela en práctica esíxenos buscar na oración a docilidade á inspiración do Espírito Santo, de modo que, apartadas as ideoloxías, sosegadas, as paixóns, e iluminado o corazón, poidamos ser contados no número dos prudentes que edificaron sobre a firmeza da rocha.

Xesús declara que, visto no proxecto de Deus, o matrimonio é indisoluble desde o principio, o que quere dicir que o é sempre. Poderíamos engadir que o é tamén se o consideramos como sacramento que, na mutua entrega e fidelidade dos esposos, simboliza e representa o amor de Cristo á Igrexa, ou a entrega e fidelidade de Deus á humanidade, amor, entrega e fidelidade manifestados no misterio da Encarnación.

Esta é, en palabras de Xesús, a esixencia orixinal e a beleza que o matrimonio ten no proxecto de Deus: “Non lestes que o Creador, no principio, creounos home e muller, e dixo: «Por iso deixará o home ao seu pai e á súa nai e unírase á súa muller, e serán os dous unha soa carne»? De modo que xa non son dous, senón unha soa carne. Pois o que Deus uniu, que non o separe o home” (Mt 19, 4-6).

E esta é a grandeza intuída do misterio do matrimonio se o vemos á luz da Encarnación:

Amar á súa muller é amarse a si mesmo. Pois ninguén xamais odiou a súa propia carne, senón que lle dá alimento e calor, como Cristo fai coa Igrexa, porque somos membros do seu corpo. Por iso deixará o home ao seu pai e á súa nai, e unírase á súa muller, e serán os dous unha soa carne. É este un gran misterio: e eu refíroo a Cristo e á Igrexa. Nunha palabra, que cada un de vós ame á súa muller como a si mesmo, e que a muller respecte ao marido. (Ef 5, 28-33)

As palabras de Xesús no evanxeo e as recomendacións do Apóstolo na carta aos fieis





de Éfeso teñen en común a referencia ao libro do Xénese (Xén 2, 24).

O feito de que, no contexto dunha polémica, Xesús recorra á palabra da Escritura, indica que está a remitir, non a unha fonte de coñecemento racional, senón á intimidade de Deus, ao misterio da economía da salvación, ao proxecto de Deus sobre o home. Co cal, Xesús non desautoriza a Moisés que permitira aos israelitas repudiar ás súas mulleres –o libelo de repudio remitía á situación concreta do home, á súa dureza de corazón, non á vontade de Deus–, nin quedan desautorizadas as prácticas que, en materia de familia, a humanidade tivo ao longo dos séculos e ten aínda hoxe –esas prácticas remiten á cultura, aos costumes, ás tradicións dos pobos, non directamente ao proxecto de Deus–. Xesús remite a Deus, ao seu proxecto orixinal, que é tamén o seu designio último, e dese modo sinala cal é a meta, cal o misterio de graza e de amor no que estamos chamados a entrar.

Con relación aos repudiados, o mesmo que con relación á práctica da xustiza (Mt 5, 20), ou á interpretación do mandato “non matarás” (Mt 5, 21-26), ou ao alcance do mandato “non cometerás adulterio” (Mt 5, 27-28), Xesús preséntase, non como o que vén abolir os mandatos da lei senón como o que vén darlles plenitude (Mt 5, 17-19). E ese é o terreo no que habemos situarnos para discernir as opcións pastorais con relación ás persoas divorciadas que volven casar: non se cuestionan os mandatos que a todos obrigan, non se cuestiona o designio de Deus, pero tampouco se ignora que se está en camiño, e que a plenitude reivindicada do mandato fará do crente un famento de misericordia, que haberá chamar cada día da súa vida ás portas da compaixón de Deus.

Pois ben, no evanxeo, radicalismo e compaixón aparecen unidas en matrimonio indisoluble. A plenitude que Xesús dá aos mandatos da Lei e dos Profetas, desvela ao

mesmo tempo a plenitude da misericordia de Deus con quen se atopa na situación penosa e crente –penosa por crente– de telos transgredido. A revelación da maior esixencia inherente ao mandato, non só non nega a misericordia cos pecadores, senón que a fai aparecer cegador na súa grandeza.

#### *4.6.- Divorciados voltos casar, e exclusión da comunión eucarística*

A práctica certamente rigorista pola que, nas comunidades eclesiais de rito romano, se exclúe da comunión eucarística ás persoas divorciadas que volveron casar, supón non só que os xulgamos, senón tamén que facemos recaer sobre eles unha condena que é moi dura pola natureza do ben do que son privados, e que se ve agravada polo carácter público desa privación.

Se pouco coherente co evanxeo parece que se concentre nos dereitos da lei e non na verdade do home –na súa debilidade– a cuestión dos divorciados, igualmente incoherente resulta que nos fixemos só nos deberes que supostamente terían os divorciados, e esquezamos algúns que a nós certamente nos concirnen, como o deber de non xulgar, sancionado en numerosos textos do novo Testamento.

Non xulgedes, e non seredes xulgados. Porque seredes xulgados como xulgedes vós, e a medida que usedes, usarana convosco (Mt 7, 1-2).

Sede misericordiosos como o voso Pai celestial é misericordioso; non xulgedes, e non seredes xulgados; non condenades, e non seredes condenados; dade, e darásevos: unha medida xenerosa, colmada, remexida, desbordante, pois coa medida con que midades medirásevos a vós (Lc 6, 36-38).

Por elo, ti que te erixes en xuíz, quenquera que sexas, non tes escusa, pois, ao xulgar a outro, a ti mesmo te condenas, porque fas as mesmas cousas, ti que xulgas (Rm 2, 1).

Quen oía as miñas palabras e non as cumpria, eu non o xulgo, porque non vin para



xulgar ao mundo, senón para salvar ao mundo (Jn 14, 47).

A quen na Igrexa levamos o nome de pastores do pobo de Deus, moito tería que facernos pensar esa contraposición explícita e excluínte entre a acción de xulgar e a acción de salvar, contraposición que xa aparecera, sempre en boca de Xesús, no diálogo con Nicodemo:

Porque Deus non enviou ao seu Fillo ao mundo para xulgar ao mundo, senón para que o mundo se salve por el. O que cre nel non será xulgado; o que non cre, xa está xulgado, porque non creu no nome do Unixénito de Deus. Este é o xuízo: que a luz veu ao mundo, e os homes preferiron a tebra á luz, porque as súas obras eran malas (Jn 3, 17-19).

Xulgar, pertence ao Señor. Xesús declara taxativamente que ningunha institución humana por lexítima que sexa –e as leis civís dos diversos Estados sono–, nin sequera unha institución apoiada pola divina inspiración –e o libelo de repudio concedido por Moisés érao–, pode anular ou modificar o desingnio de Deus sobre o matrimonio.

Se a declaración de Xesús, por canto explícita e taxativa, non deslexítima as leis dos pobos, menos aínda restará lexítimidade á Igrexa, que é o seu corpo, para que ela ofrezca un espazo de misericordia a eses fillos seus que viu fracasar na realización do proxecto matrimonial. Nin as leis dos pobos nin os espazos eclesiais de misericordia contradín o proxecto de Deus, non o anulan, non diminúen a súa esixencia; sinxelamente son a súa realización pobre na condición pobre dunha humanidade en camiño.

Clarificado que a nós non se nos permite xulgar e moito menos excluír, só nos queda ver se é iso o que fai Xesús, o único que, coñecendo a intimidade do home, pode dar sobre el un xuízo verdadeiro. E aquí atopámonos coa increíble novidade do evanxeo da graza: o que coñece o desingnio de Deus, o que non xulga segundo aparencias senón segundo un xuízo xusto (Jn 7, 24), aquel que fai un xuízo lexítimo porque ao xulgar non está só, senón que está el

e o Pai que o enviou (Jn 8, 15-16), o que é a luz do mundo (Jn 8, 12), precisamente porque coñece, non condena, non exclúe, non abandona; só pregunta coma se non soubese:

«Muller, onde están os teus acusadores?; ningún te condenou?» Ela contestou: «Ningún, Señor». Xesús dixo: «Tampouco eu te condeno. Anda, e en diante non peques máis» (Jn 8, 10-11).

No seu encontro con Xesús, aquela muller non quedou excluída senón perdoada, non marchou condenada senón pacificada, non se foi humillada senón recoñecida e salvada.

Hei de recoñecer que a misericordia acurralou as miñas razóns para xulgar e excluír, pero aínda me queda unha: á muller, no momento mesmo en que a declara libre de condena, indícalle?, advírtelle?, pídelles?; sinxelamente di: “Anda, e en diante non peques máis”, que é algo así como reivindicar a soberanía de Deus sobre a súa vida. Hei supoñer que aquela muller non volveu pecar, pois a experiencia de misericordia foi tan radical que seguramente deixou unha pegada indeleble na súa vida.

No caso das persoas divorciadas que volveron casar, é o meu xuízo, e non o de Xesús, o que as converte en pecadoras, é o meu dedo o que as sinala e non a doutrina da fe, é a miña soberbia a que as humilla cun xuízo inicuo a quen salva a palabra de Deus.

## 5. A xeito de conclusión

O dito até aquí foi pensado e expresado con categorías propias do paradigma tradicional greco-romano. Crino necesario en obsequio a quen, por formación, por medo ou por calquera outro motivo razoable, rexeitan como perigosa para a fe ou mesmo como contraria á fe, toda reflexión feita desde as categorías da modernidade.

Levada a ese campo, a reflexión tenta só inducir no corazón do crente a sospeita de que a



persoa humana, os seus sufrimentos, as súas esperanzas, os seus medos, as súas derrotas, os seus logros, a súa vida, son un criterio superior de discernimento para axustar ao evanxeo as nosas opcións morais e os nosos proxectos pastorais. O ben da persoa é unha luz superior para achegarnos á verdade do evanxeo, ao corazón da verdade.

Intúese, con todo, que ao abordar o tema nese terreo dialéctico, démoslle unha dimensión atemporal, sacámolo da historia e os seus avatares e situámolo sinxelamente no designio eterno e inmutable de Deus.

Pero agora, máis aló da reflexión presentada, hei facer preguntas que me parecen inevitables:

- Se Xesús de Nazaret tivese que falar aos homes do noso tempo, podería facelo coa linguaxe que usou para falar con escribas e fariseos?

- Tería algún sentido que, nese suposto diálogo, Xesús se servise da autoridade das Sacras Escrituras?

- En que sentido podería hoxe Xesús remitir ao designio de Deus para establecer as normas que han regular a vida dos homes?

No seu tempo, Xesús atopou un ámbito de diálogo que era compartido por el e polos seus interlocutores. Ese ámbito común era o da fe e da cultura de Israel. Hoxe tería que buscar outro espazo para comunicarse coas persoas deste tempo, tería que buscar outro camiño para acceder á súa mente e ao seu corazón. E o que faría Xesús neste tempo de Deus é o que lle pedimos á Igrexa que faga, pois ela é a presenza viva de Cristo no mundo.

A Igrexa, como Cristo, ha ser evanxeo para os pobres.

Mons. Santiago Agrelo Martínez OFM  
Arcebispo de Tánxer